

CONCELLOS



Praia de Razo (Carballo)



Vila mariñeira de Caión (A Laracha)



Vila mariñeira de Muxía



Vista aérea do faro do cabo Fisterra



Santuario da Virxe da Barca (Muxía)

Cabana de Bergantiños

Destaca por albergar unha das maiores mostras megalíticas da zona, o dolmen de Dombate, e mostras da cultura castreña como o castro da Cidá de Borneiro. O municipio conta tamén con fermosas praias fluviais e litorais bañadas pola ría de Corme e Laxe.

Camariñas

Berce do prestixioso encaixe de palillos, realizado desde hai séculos polas pallieiras locais. É un concello de carácter mariñeiro; o seu litoral está dividido polos pequenos cumes da serra de Pena Forcada e regado polo río Grande.

Carballo

As ondas de Razo e Baldaio son idóneas para o surf. Ademais, Baldaio é un dos espazos naturais máis valiosos de Galicia, un humidal de destacada importancia ecolóxica. En Carballo está o único balneario mineiromedicinal de toda a Costa da Morte. Destacan tamén as fervezas de San Paio ou a de Ramil, o monte Neme e as Brañas do Carregal, onde están os restos do dolmen de Pedra Moura.

Carnota

Municipio costeiro poboado desde a antigüidade, e como mostra os seus castros e os numerosos hórreos. Tamén son de grande interese os seus espazos naturais como o monte Pindo, ou a praia e as marismas de Carnota. Aquí atoparemos a praia máis longa de Galicia, a de Carnota.

Cee

Construcións do século XVIII como o castelo do Príncipe ou praias de areas brancas e augas tranquilas como a de Estorde ou a de Gures dotan este municipio dun gran encanto xunto coa ría de Lires, situada entre o cabo Touriñán e o cabo Fisterra, de gran valor ecolóxico, especialmente ornitolóxico.

Corcubión


O punto de saída da última etapa do Camiño de Santiago pola variante de Fisterra atópase aquí. Cun amplo patrimonio relixioso e cultural con pazos como o dos Altamira, no casco antigo, ou os Condes de Traba, e recursos como o castro de Quenxe ou o faro do cabo Cee.

Coristanco

A famosa pataca deste municipio xa forma parte da propia cultura da zona, que esconde unha gran riqueza natural co Refuxio de Verdes situado nas ribeiras do río Anllóns. Tamén destacan a área recreativa da Rocheira, as lagoas de Alcaíán e Cuns coas súas lendas ou os numerosos pazos, mámoas, castros e igrexas.

Dumbria

Pedra e auga son os dous elementos principais da súa paisaxe no que destaca o tesouro natural da ferveza do Ézaro, na desembocadura do río Xallas, formando un espectacular salto de auga. Tamén esconde a Pedra do Brazal, un agasallo da constitución granítica dos montes, ou o dolmen da Pedra da Arca.



Vila mariñeira de Fisterra



Castelo de Vimianzo

Fisterra

Un dos lugares míticos desde a antigüidade por albergar un dos elementos máis emblemáticos da Costa da Morte, o cabo Fisterra, considerado tradicionalmente como o fin do mundo, ademais de albergar lugares de gran beleza natural como o inmenso areal de Langosteira.

A Laracha

Caión, única parroquia costeira do municipio, é o punto de partida da Costa da Morte coñecida pola súa bonita praia. O miradoiro de Santa Marta ou o mosteiro de San Pedro de Soandres, un templo do século XIV, son só unha parte do seu amplo patrimonio cultural. Destacan os hórreos mixtos de madeira e pedra, construídos a partir do século XVII.

Laxe

Esta vila mariñeira, situada no centro da Costa da Morte, ofrece unha fermosa praia de augas tranquilas, un longo areal que chega ata o mesmo centro da vila. Ademais conta cunha igrexa románica e cunha capela, en honra a Santa Rosa de Lima. Nas súas proximidades atópase a fermosa praia salvaxe de Soesto.

Malpica de Bergantiños

Un dos portos de baixura máis importantes de Galicia, na súa costa destacan as pequenas illas Sisargas. Os seus núcleos máis destacados son o pobo oleiro de Buño e a aldea de Mens, coa súa igrexa románica e as torres medievais de Mens, así como a Ermida de Santo Adrián. Destacan os miradoiros do Bufadoiro e do Picote da Atalaia.

Mazaricos

A súa maior icona é o monte Pindo que comparte co seu concello veciño Carnota. A súa proposta de actividades de turismo activo é moi ampla e diversa. Destaca ademais o bosque autóctono máis occidental de Galicia, a Devesa de Anllares, o castelo de Peñafiel e o dolmen de Corveira.

Muxía

O punto de maior interese desta localidade é o santuario da Virxe da Barca e as súas famosas pedras milagrosas. Tamén alberga o punto máis occidental de Galicia e de espectacular beleza, o cabo Touriñán, así como numerosos areas coma Nemiña ou Leis. Destaca tamén o espazo natural de Caldeiras do Castro.

Ponteceso

Berce do gran escritor galego Eduardo Pondal, un dos personaxes chave do Rexurdimento. Alberga tamén un dos accidentes xeográficos máis emblemáticos de toda a comarca, o monte Branco, situado fóra da zona urbana.

Vimianzo

Un dos lugares con maior número de elementos arqueolóxicos do megalitismo; Pedra Cuberta é un dos máis singulares e característicos. Destaca o castro das Barreiras e o castelo de Vimianzo. Son coñecidas as súas festas como a Rapa das bestas ou a representación do Asalto ao Castelo.

Zas

O río Grande discorre polo norte e o Xallas polo sur, con numerosas mostras do megalitismo como o dolmen de Arca da Piosa e o seu patrimonio cultural coma Torres do Allo ou a ponte de Brandomil. O seu municipio de Baio é coñecido pola súa característica fía do liño.



Faro de cabo Vilán (Camariñas)



Refuxio de Verdes (Coristanco)



Pazo das Torres do Allo (Zas)

QUE VISITAR:

NATUREZA

Praias. A Costa da Morte é un xeodestino de contrastes, na que atopamos desde as praias máis tranquilas e familiares, como o quilométrico areal de Langosteira ou as de Balarés ou Baldaio onde conflúen natureza e mar; ata as máis salvaxes como as de Caión ou Razo, perfectas para a práctica de deportes acuáticos como o surf pola súa forte ondada.

Fervenza do Ézaro. Un lugar de beleza excepcional é o coñecido como o "Niágara galego", a fervenza do Ézaro é a única de toda Europa que desemboca directamente no mar. Situada á beira da vila que lle dá nome, un carreiro con plataformas de madeira permite chegar ata os seus pés, alí onde a espuma se transforma en mansas augas.

Refuxio de Verdes. Outro pequeno enclave que visitar é o Refuxio de Verdes, situado nas ribeiras do río Anllóns, en Coristanco. O río, ao seu paso, forma pequenos ilotes unidos por pontes de madeira e pedra así como pequenas fervenzas e rápidos de auga, todos eles aproveitados para a construción dos seus característicos muíños.

Cabo Fisterra. O miradoiro ao cabo do mundo, rodeado de misterio, lendas e crenzas, é un lugar único. Desde a antigüidade considerouse o fin da Terra, ou "finis terrae", como o bautizaron os romanos. Hoxe en día, Fisterra segue a ser para moitos a fin dun percorrido, tanto a nivel físico como espiritual. Desde alí pódese contemplar unha das máis espectaculares postas de sol e unhas impresionantes vistas da ría de Corcubión e a costa de Carnota, na que destaca o imponente monte Pindo, tamén coñecido como o "Olimpo celta".

Penedos de Pasarela e Traba. Unha das vistas panorámicas máis espectaculares da Costa da Morte atopámola nos catro cumes que arrodean o Val de Traba, os Penedos de Pasarela e Traba. Pedra sobre pedra elévanse ata os 274 metros de altitude.

PATRIMONIO E CULTURA

Museos. O mar é o eixo central da maioría de museos situados na Costa da Morte, como o Museo do Mar de Laxe, o da Pesca de Fisterra ou o Arquivo da Pesca en Caión, ademais dos dedicados a amosar as tradicións dos municipios da zona como o de Camariñas, dedicado ao encaixe, ou o de Baio, para mostrar a fía do liño.

Santuario da Virxe da Barca. Na antigüidade, o final de etapa dos peregrinos despois de visitar ao Apóstolo realizábase no Santuario da Virxe da Barca, un edificio de culto de estilo barroco con influencias do clasicismo, construído para cristianizar un lugar onde se realizaban cultos pagáns.

Pazo das Torres do Allo. Un bo xeito de coñecer como era a vida nun pazo galego no século XV. Situado en Zas, este fermoso edificio de estilo gótico-renacentista ten detrás unha forte historia familiar e na actualidade alberga o Centro de Información e Recursos Patrimoniais.

Castelo de Vimianzo. Unha maneira de volver á época medieval é visitar o castelo de Vimianzo, construído por unha das familias máis relevantes da época e protagonista dunha das revoltas máis importantes do século XV, a Revolta Irmandiña.

Vilas mariñeiras. O innegable encanto das pequenas vilas mariñeiras como Camariñas, Malpica ou Caión atrápanos co seu olor a mar, as súas xentes e a súa característica arquitectura civil coas casas colgadas das rochas mirando ao Atlántico.

Cultura megalítica. Exemplo do culto á pedra é a cantidade de rituais como a Pedra de Abalar, a Pedra dos Cadrís ou a Fertilizante de Duío, así como o dolmen de Dombate, situado no municipio de Cabana de Bergantiños e considerado a "catedral do megalitismo" en Galicia. Preto tamén atoparemos outros monumentos coñecidos como arte parietal ou rupestre. Outra mostra da importancia da cultura megalítica é o castro de Borneiro, enclave de gran valor que nos fará retroceder miles anos no tempo.

Artesanía. A Costa da Morte mantén as tradicións dos seus antigos oficios e labores de artesanía. Un exemplo é Camariñas e o seu encaixe de palillos. Asistir ao traballo das pallleiras e ver os seus dedos manexar habilmente os fíos e o seu son característico é un espectáculo en si mesmo. Tamén destaca a artesanía doutras localidades como Buño e a súa importante actividade oleira, ou a famosa fía do liño da localidade de Baio.

A CORUÑA

LUGO

PONTEVEDRA

OURENSE



COSTA DA MORTE
xeodestino



COSTA DA MORTE destinos MÁXICOS de terra e mar



Deputación
DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal
@DACTurismo
Turismo da Deputación da Coruña
Dacturismo
turismo@dacoruna.gal

COSTA DA MORTE
xeodestino



Deputación
DA CORUÑA

Praias desertas, enseadas e acantilados. O océano bravo, as augas axitadas e unha paisaxe inconfundible son os sinais de identidade da Costa da Morte. Terra de misterio, lendas e mitos, a súa personalidade está marcada pola condición de fin do mundo, outorgada polos romanos. Ademais é unha das zonas máis ricas de Europa en mostras de cultura megalítica, cuns impresionantes cabos, como os de Fisterra, Touriñán e Vilán, que penetran nun océano salvaxe, mentres que cara o interior a terra forma suaves outeiros, tapizados de campos de millo, pastos e forestas.



Peregrino en Fisterra

QUE FACER:

RUTAS

A ruta de sendeirismo máis destacada de toda a comarca é a coñecida como Camiño dos Faros, un percorrido de 200 quilómetros pola franxa litoral que une Fisterra con Malpica. Este itinerario ten o mar como protagonista e percorre todas as edificacións de sinalización marítima así como os principais puntos de interese da Costa da Morte como praias, dunas, ríos, acantilados, bosques, estuarios, construcións castrexas, dolmens e vilas mariñeiras.

GASTRONOMÍA

A forma de vida dos habitantes da Costa da Morte está estreitamente ligada ao mar, polo que a gastronomía saca partido da gran calidade e variedade do seu marisco e peixe. Unha das imaxes máis representativas desta zona é a do traballo dos percebeiros, saltando de rocha en rocha para esquivar os golpes de mar. De feito, o percebe do Roncudo está considerado como un dos mellores de toda Galicia, e exaltado na festa gastronómica que se celebra en Corme. Ademais podemos gozar doutros produtos con moita e moi merecida sona como o longueirón de Fisterra ou a pataca de Coristanco.

CAMIÑO FISTERRA-MUXÍA

O Camiño de Santiago non remata para todos os peregrinos na cidade compostelá. Moitos deles deciden percorrer a pé os 90 quilómetros que separan Santiago de Fisterra. Aquí, a tradición obriga a queimar algunha peza de roupa que se levou durante as etapas como símbolo de renovación interior que todo peregrino sofre durante o camiño. Quéimase o vello para dar cabida ao novo, xa que como di a tradición, Fisterra é un lugar de finais, pero tamén de comezos.



Refuxio de Verdes (Coristanco)

FESTAS

Na Costa da Morte destacan as celebracións de San Xoán de Carballo, a Barca de Muxía, os Milagres de Caión, o naufraxio de Laxe ou a Carballreira de Zas na súa vertente máis tradicional, xunto con propostas máis innovadoras como Con V de Valarés ou o festival do Nordeste Rock de Malpica.



Praia de Razo (Carballo)